

Estimada Comunidade Educativa,

Recentemente publicáronse diferentes comunicacións conxuntas das Consellerías de Sanidade e Educación respecto á COVID-19, polo que queremos informavos das novas:

- XESTIÓN DE CONTACTOS ESTREITOS

Cando unha persoa da Comunidade Educativa do CEIP San Martiño é **positiva** en COVID-19 deberá gardar **corentena**, pero **non** será necesario identificar os **contactos estreitos**. De considerar que existe algún contacto estreito, serán os propios casos os que deben informar aos seus contactos estreitos do diagnóstico de COVID para que extremen as medidas de prevención.

En canto as medidas de **corentena/illamento** tamén se **suspenderán**, polo que todos os **contactos estreitos** dun caso confirmado terán que asistir ao centro educativo.

O SERGAS fai unhas recomendacións preventivas para contactos estreitos que podedes consultar na seguinte ligazón: https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6767/202200304_Recomendacions_preventivas_contactos_estreitos_COVID.pdf

- USO DE MÁSCARAS NOS PATIOS DOS CENTROS EDUCATIVOS

Xa non se recomenda o uso das máscaras nos espazos ao aire libre dos centros educativos, polo que os diferentes membros da Comunidade Educativa poderán decidir se usan a máscara ou non cando se atopen no patio.

Ante a posibilidade de perda da mesma (se deciden quitala) nos diferentes tempos de lecer no patio do centro, recordamos que o alumnado deberá levar obrigatoriamente unha segunda máscara de recambio.

Grazas pola vosa colaboración.

Marzo 2022, O Equipo Covid